

CIRCULAR 280

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO 2019



NON-VIOLENCIA DE
XENÉRO

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaría / Coordinadora co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaría / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 281 e sairá a principios do mes de xaneiro de 2020.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de decembro de 2019.

Por acordo da Xunta de Goberno do COPG, a partir do 2020 a Circular Informativa só se enviará en formato dixital.

5	Información Xeral
11	Información das Seccións
16	GIPCE
18	Grupo de Tráfico e da Seguridade
20	Comisión Intersectorial de Deporte
20	O Código Deontolóxico

Editorial

Máis de mil asasinados machistas

Comezaba o verán cunha triste estatística: desde 2003, máis de mil mulleres foran asasinadas polas súas parellas ou exparellas, de acordo co rexistro que mantén o goberno estatal para as vítimas de violencia de xénero. Unha cifra que esconde outra que precisa que deitemos luz sobre ela: en pouco máis de dezaseis anos, máis dun milleiro de homes convertéronse en asasinados pola única causa do machismo.

A terrorismo machista ten o rostro das mulleres, pero fóra do foco quedan os asasinados machistas, responsables da violencia exercida. Probablemente porque os mitos da violencia contra a muller sempre fan alusión ao carácter inevitable destas agresións, dentro duns estereotipos de xénero que lle outorgan ao home características intrínsecas como un carácter máis impulsivo, agresivo e violento, e que se xustifican por eses mesmos mitos, como os celos ou os arrebatos pasionais. Mitos ou bulos, que procede máis neste tempo das noticias falsas, que foron transmitíndose de xeración en xeración e que chegan aos nosos días en formas contemporáneas pero cargada da mesma ideoloxía machista de hai séculos.

Bulos que seguen a desprazar do centro da cuestión ao machismo e aos agresores machistas, pero que cando o feminismo pretende enfocar sobre eles para superar a violencia de xénero, a reacción contraria estoura con máis mitos, estereotipos e clixés que frean a igualdade real entre mulleres e homes.

Un novo 25 de novembro sairemos á rúa a dicir «non» á violencia de xénero. Mentres, a reacción do machismo será a de cuestionar a súa propia existencia, negándolle o xénero á violencia mediante mentiras e perversións da linguaxe e dos propios feitos que buscan reducir o apoio social ás vítimas. O Convenio de Istambul, que é o marco lexislativo internacional ao que debe adaptarse a nosa normativa estatal, indica que as diferenzas de xénero «crean un mecanismo co que se mantén a muller nunha situación de subordinación». Un mecanismo que ten na violencia a súa máxima expresión.

A pretensión de empregar terminoloxía como «violencia doméstica» ou «violencia intrafamiliar» para desacreditar a existencia da violencia estrutural contra a muller, é unha demostración da intención de negar as relacións de desigualdade de poder entre mulleres e homes. Isto faise ao tentar reduci-lo a un problema particular e privado, e invisibilizando que é consecuencia dunha estrutura social patriarcal tolerante coa violencia machista -e que se foi mantendo tamén grazas a a ela.

O mesmo acontece cando se nos presenta ao agresor como un enfermo mental, un tolo ou un monstro. Un estigma que afecta a todo un conxunto de persoas que padecen enfermidades mentais, a través do cal se vincula as condutas delitivas co feito de presentar algún tipo de patoloxía mental e que novamente, relega a violencia de xénero a unha cuestión particular e individual. Son estratexias que pretenden negar o carácter estrutural da violencia contra a muller, pero que desde a psicoloxía, cunha apropiada formación transversal en xénero, debemos desarticular, xa que do contrario, a nosa práctica profesional estará sendo negligente. Máis dun milleiro de asasinatos por violencia de xénero en dezaseis anos non é unha cuestión privada nin particular; é terrorismo machista.

INFORMACIÓN XERAL



Mª Rosa Álvarez Prada



I Xornadas de intervención psicolóxica en Emerxencias do COP La Rioja



Manuela del Palacio García

Relacións institucionais

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:

- Reuniuse, xunto coa vogal da Xunta de Goberno do COPG, Socorro Rodríguez Holguín, coa concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela, Mercedes Rosón Ferreiro, para explorar posibilidades de colaboración entre ambas institucións e presentar «Tempos da psicoloxía», o día 10 de outubro.
 - Asistiu a unha xuntanza coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, para tratar cuestións de interese común entre ambas institucións, o día 11 de outubro.
 - Asistiu a reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o día 23 de outubro en Santiago de Compostela.
-

En representación do Colexio

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu á Xornada de apertura de *Talentia Summit 2019*, evento organizado polo Concello de Santiago, e que tivo lugar o 21 de outubro.
 - Participou na *I Xornada de Intervención Psicolóxica en Emerxencias*, organizada polo COP La Rioja, coa conferencia *Intervención psicolóxica no accidente do tren Alvia de Santiago de Compostela e atención posterior*. Celebrada en Logroño o 26 de outubro.
-

A presidenta da Sección de Psicología Educativa, Manuela del Palacio García, asistiu ás *IV Xornadas Galegas de Dislexia*, organizadas pola Asociación Galega de Dislexia (AGADIX) e celebradas o 20 e 21 de setembro en Vigo.

O vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde, Eduardo Martínez Lamosa, asistiu á *Xornada de Debate de Atención Primaria* da Plataforma SOS Sanidade Pública, o 3 de outubro en Santiago de Compostela.

O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu á entrega do *XIX Premio Periodístico Albarello*, organizado polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia da Coruña, celebrado o día 18 de outubro na Coruña.

María Lueiro Mendoza, vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, participou como relatora a través de catro módulos formativos (habilidades sociais, autoestima, hábitos de descanso e relaxación), encadrados dentro do convenio marco asinado entre o Colexio e a entidade SERVISAR Servizos Sociais. Transcorreron en Santiago de Compostela ao longo do ano en curso.

A membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), M^a Carmen González Hermo, participou como relatora no proxecto *Lugo co deporte, deporte con corazón*, a través da conferencia *Carreira pola diversidade: un proxecto de deporte inclusivo*, encadrada dentro da temática Deporte Inclusivo, o 25 de outubro en Lugo.

O vicedecano e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación, Hipólito Puente Carracedo, participou no *V Congreso Nacional Mediación: un mar de solucións*, a través da mesa redonda *O estado da mediación en Galicia: subimos ou baixamos?*, celebrada na Coruña o día 26 de outubro.



Eduardo Martínez Lamosa



José Manuel Oreiro Blanco



M^a Carmen González Hermo



María Lueiro Mendoza



Hipólito Puente Carracedo

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:

■ Á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 18 de outubro en Badajoz.



Asistentes ao IV Encontro Hispano Luso

IV Encontro Hispano Luso

O día 19 de outubro celebrouse en Badajoz o *IV Encontro Hispano Luso* que nesta edición tratou sobre as *Abordaxes actuais da Psicología*. A actividade foi organizada polo Consejo General de la Psicología, o Colegio Oficial de Psicólogos de Extremadura e a Ordem dos Psicólogos Portugueses.

O encontro tivo como obxectivo fundamental trasladar aos/as profesionais e á comunidade as achegas e accións que desde a psicoloxía hispano-lusa se veñen aplicando á solución de problemáticas actuais que afectan ás persoas ao longo do seu ciclo vital, como o son a intervención psicolóxica na abordaxe do suicidio e das distintas adicións.

Contou coa presenza en representación do COPG da decana, M^a Rosa Álvarez Prada; da vogal da Xunta de Goberno, M^a Concepción Rodríguez Pérez; e da vogal e da tesoureira da Xunta Directiva da Sección de Psicología Xurídica, María Alba Sousa González e María Filomena Garrido Blanco, respectivamente.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia lembra a responsabilidade dos medios de comunicación á hora do tratamento informativo da violencia machista

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia realizamos un chamamento á responsabilidade e ás boas prácticas dos medios de comunicación, a raíz da cobertura informativa do crime machista perpetrado en Valga. Se ben é comprensible o interese informativo, nunca deben superarse os principios da deontoloxía profesional do xornalismo, xa que se trata dun asunto moi sensible que provoca un sufrimento inmenso nas súas persoas achegadas, que se atopan nunha situación de extrema vulnerabilidade. Xunto co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, elaboramos un conxunto de recomendacións para o tratamento informativo de temas nos que está presente o sufrimento humano, InformaDOR, co que se pretende expoñer boas prácticas para manter o equilibrio entre o dereito á información e o respecto á dor das vítimas

Medalla de honra ao mérito social penitenciario

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia recolleu o día 20 de setembro a *Medalla de honra ao mérito social penitenciario*, en recoñecemento ao seu compromiso, dedicación e inestimable colaboración con Institucións Penitenciarias na implantación e desenvolvemento de programas no Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social «Carmela Arias y Díaz de Rábago» da Coruña.



Entrega da Medalla de honra ao mérito social penitenciario

Manifesto no Día Internacional das Persoas de Idade

Coa difusión dun comunicado, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través do Consejo General de la Psicología, quere reivindicar que as persoas maiores teñen dereito a que se lles recoñeza e que compete a toda a sociedade poñernos no lugar das persoas maiores, falar do envellecemento como parte de nosa propia historia de vida, considerar cal é o noso papel neste desenvolvemento activo do noso envellecemento e o das persoas que nos rodean, sempre desde unha visión positiva e realista, afastada de estereotipos edadistas.

Pódese acceder ao texto íntegro do comunicado na páxina web do COPG:

<https://copgalicia.gal/novas/manifesto-no-dia-internacional-das-persoas-de-idade>

Sinatura do convenio entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Confederación de Empresarios da Coruña

O COPG ven de asinar un convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC) para a promoción da xestión e desenvolvemento das persoas na contorna laboral. Este acordo foi impulsado desde a Sección de PTO para, entre outros obxectivos máis específicos, poñer en valor a contribución das e dos profesionais da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular, ao ámbito empresarial e organizacional.

Entre as liñas de actuación previstas inclúense o asesoramento no deseño de programas de información e formación relacionados coa xestión empresarial, a prevención de riscos laborais e a xerencia de recursos humanos; a organización



Sinatura do convenio coa Confederación de Empresarios da Coruña

de actividades de orientación sociolaboral dirixidas á mellora das competencias para a procura de emprego e o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras; e a identificación de boas prácticas na xestión de persoas entre o empresariado.



Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicacións pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

📷 Instagram: <https://www.instagram.com/copgalicia/>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Campaña informativa
Protección da maternidade
no traballo

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Presentación da campaña «Protección da maternidade no traballo»

O presidente da Sección de PTO, Carlos Montes Piñeiro, participou na presentación da nova campaña informativa do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) *Protección da maternidade no traballo*. O almorzo de presentación estivo presidido por Covadonga Toca Carús, secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que recordou a importancia da promoción e seguimento das condicións de traballo que poidan resultar nocivas, insalubres e/ou perigosas para as mulleres traballadoras durante os períodos de embarazo e lactación, para a protección da maternidade e, en xeral, da reprodución.

Esta campaña, cuxo obxectivo é facilitar a comprensión dos riscos laborais e a adopción de medidas preventivas, centrase na difusión entre as empresas galegas e as mulleres traballadoras galegas de 1750 polípticos informativos sobre as obrigas das empresas relativas á protección da maternidade (avaliación inicial de riscos laborais, avaliacións adicionais cando a traballadora comunica a súa situación e planificación da actividade preventiva nos casos nos que existan riscos que non se puidesen eliminar) e 2000 cubos informativos sobre os dereitos das traballadoras (igualdade, seguridade, flexibilidade e conciliación).

Foro «Envellecemento e traballo: a xestión do cambio demográfico»

O pasado 19 de outubro a Sección de PTO, en colaboración coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social, organizou na sede do COPG o Foro *Envellecemento e traballo: a xestión do cambio demográfico*, para presentar e debater sobre algúns dos principais retos profesionais relacionados coa xestión do cambio demográfico nas organizacións. Entre outros temas, abordáronse

a prolongación da vida laboral, a discriminación por motivos de idade ou as necesidades específicas das persoas traballadoras de máis idade.

Contouse coa presenza de María Lueiro Mendoza, directora do centro Atendo en Santiago de Compostela, que presentou o relatorio *Idade e traballo: como afecta ao envellecemento?*, no que identificou os principais factores asociados á vellez e a súa incidencia na capacidade laboral das traballadoras e dos traballadores. Por outra parte, Eduardo Oliveira, profesor de Xestión de Recursos Humanos e Comportamento Organizacional da Universidade de Porto, presentou o tema *Traballadores maiores no lugar de traballo: a experiencia individual e os esforzos organizacionais*, no que disertou sobre os estereotipos existentes sobre este grupo de idade e como estes poden influír na experiencia cotiá dentro da organización. Finalmente, Antonio Fuertes Saavedra, director de Down Vigo, centrou a súa intervención nas dificultades engadidas que carrega a idade no proceso de *(Re)Incorporación ao mercado laboral despois dos 50 anos*.

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas colaborar coa Sección, ponte en contacto co COPG. Temos moitos proxectos por emprender conxuntamente!

III Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e dos RR.HH.

O presidente da Sección de PTO, Carlos Montes Piñeiro, e o vogal da Sección de PTO e da División de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións do Consejo General de la Psicología, José Luis Domínguez Rey, formarán parte do Comité Científico do *III Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e os Recursos Humanos*, co lema *Xestión Emocional e Eficacia Organizacional*, que terá lugar do 20 ao 23 de maio de 2020 en Las Palmas de Gran Canaria.



Foro Envellecemento e traballo

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/traballo-e-das-organizacions>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE



Curso Mellorando os resultados en psicoterapia: principios terapéuticos baseados na evidencia

Formación realizada

Os días 20 e 21 de setembro realizouse o curso *Mellorando os resultados en psicoterapia: principios terapéuticos baseados na evidencia* no salón de actos do COPG, impartido por Alberto Gimeno Peón (psicólogo especialista en psicoloxía clínica e especialista en terapias contextuais). Esta actividade, organizada pola Sección coa colaboración da Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR), contou con 23 asistentes que amosaron un alto grao de satisfacción co docente e coa formación. A través dos contidos teóricos e exercicios prácticos, as persoas participantes adquiriron novos coñecementos co obxectivo de aumentar as taxas de efectividade e eficiencia dos tratamentos psicolóxicos.



Curso Avaliación e intervención en conduta suicida

Por outra banda, os días 25 e 26 de outubro levouse a cabo o curso *Avaliación e intervención en conduta suicida*, impartido por María Teresa Reijas e Teresa Pacheco e coordinado por María Blanco Suárez, vogal da Xunta Directiva da Sección. Esta actividade contou cunha alta participación e as persoas asistentes puideron compartir un espazo de comunicación e información sobre a conduta suicida, iniciativas preventivas, sinais de alerta e habilidades de intervención e acompañamento.

XXIV Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

Os días 14, 15 e 16 de novembro de 2019 celebranse en Tui (Pontevedra) as **XXIV Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG**, baixo o título **Accesibilidade á atención psicolóxica durante e despois dunha catástrofe: experiencia en Tui-Paramos**. O obxectivo destas xornadas é fomentar a reflexión sobre a intervención psicolóxica en catástrofes, contando coas experiencias das intervencións na explosión pirotécnica acontecida en

Paramos-Tui, o accidente do Alvia en Santiago de Compostela, os terremotos de Lorca (Murcia) e os incendios en Portugal. Toda a información relacionada coas Xornadas pódese consultar no seguinte enlace:
<https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/xxiv-xornadas-da-seccion-de-psicologia-e-saude-do-copg>

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

A Sección de Psicología Xurídica do COPG organizou unha charla de presentación do libro *Como elaborar test psicométricos e conductuais: evitando erros conceptuais e metodolóxicos*, que tivo lugar no Salón de Actos do Colexio na tarde do venres 4 de outubro.

A presentación correu a cargo de E. Manuel García Pérez, coautor do manual, psicólogo consultor, clínico e educativo e director técnico do Grupo ALBOR COHS; e Ángela Magaz Lago, directora xeral do grupo ALBOR-COHS e especialista en psicología clínica, da saúde e educativa. Nesta sesión abordouse dunha maneira áxil e sinxela tanto os pasos a dar para elaborar un test psicométrico con garantías de calidade, así como a diferenza entre test psicométricos e de conduta e as súas características.



Presentación do libro *Como elaborar test psicométricos e conductuais: evitando erros conceptuais e metodolóxicos*

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/xuridica>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

A tesoureira de Sección M^a Begoña Castro Iglesias realizou, o 24 de agosto, unha entrevista no programa A Revista sobre como educar na casa e formar na escola e outra no telexornal dese mesmo día sobre o bo uso dos teléfonos móbiles, ambas na RTVG.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/educativa>

O vindeiro 4 de decembro a Sección de Psicoloxía Educativa, ao abeiro da Asemblea de Socios e Socias, ten previsto celebrar unha xornada sobre *Recursos eficaces na prevención das adicións sen substancia desde a psicoloxía educativa*, na que intervirá a psicóloga Ana Belén Montesa Lou presentando unha serie de ferramentas útiles para a acción tutorial e o traballo desde os departamentos de orientación e gabinetes privados ante a actual situación de adicción tecnolóxica da poboación escolarizada.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección

O día 24 de outubro proclamouse a nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa finalidade de continuar favorecendo o desenvolvemento científico profesional da Psicoloxía neste ámbito.

Esta Xunta Directiva está integrada por profesionais que exercen en diversos ámbitos da Intervención Social:

- M^a Leonor Galiana Caballero (G-2820), presidenta
- Susana Costas Durán (G-2777), vicepresidenta
- M^a del Carmen Patiño García (G-1623), secretaria
- M^a Elena Seoane de la Fuente (G-0907), tesoureira
- M^a Elena Bastos Expósito (G-0799), vogal
- María Celeste Porto Gómez (G-3677), vogal
- María Lueiro Mendoza (G-3380), vogal
- Rocío Carballeira Martínez (G-1460), vogal
- M^a Consuelo Cajide Labandeira (G-3594), vogal

Se desexas formar parte da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, podes facelo empregando o formulario que atoparás no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/solicitud_alta_na_seccion_de_intervencion_social.pdf

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social>

Formación interna

Os días 20, 21, 27 e 28 de setembro, celebrouse o curso *Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso de dó*, impartido polas compañeiras do GIPCE Concepción López Martín e Julita M^a Touriño Araújo. Esta formación, que conta coa certificación de interese sanitario, estivo dirixido aos colexiados e colexiadas interesadas en formarse neste eido.

No primeiro fin de semana de outubro realizouse o curso *Terapia de compaixón e regulación emocional. Módulo II*, impartido por Gonzalo Brito, experto instrutor de programas baseados en mindfulness e compaixón. Nesta ocasión, atendendo ao interese suscitado, abríronse dez prazas a colexiados e colexiadas que non pertencesen ao GIPCE.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**



Curso Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso de dó



Curso Terapia de compaixón
e regulación emocional.
Módulo II

Formación externa

Ao longo do mes de outubro a coordinadora do GIPCE, Ana M^a Nuñez Rubines, impartiu dúas charlas informativas sobre a actividade que se desenvolve desde o GIPCE. A primeira foi o día 19 en Ourense, durante o encontro autonómico organizado pola Cruz Vermella co voluntariado que participa no ERIE (Equipo de Resposta Inmediata en Emerxencias). A outra charla tivo lugar o día 23 no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) como parte da formación de residentes en formación no centro hospitalario.

Dentro da formación da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o día 28 de outubro Ana Isabel Martínez Arranz, integrante do GIPCE, impartiu o curso *Manexo de estrés e autocoidado emocional de intervinientes, destinado a profesionais das emerxencias*.

Informacións

O 30 de outubro iniciáronse os preparativos para un novo simulacro que se desenvolverá o día 21 de novembro, no aeroporto de Alvedro (A Coruña). En representación do GIPCE, asistiu a nosa compañeira Isabel Cabado Fidalgo.

Ligazón ao apartado do
GIPCE da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE

IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

Os días 8 e 9 de novembro celebráronse no salón de actos do COPG ás IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade «A mobilidade e a seguridade das persoas no S. XXI». A través destas xornadas realizouse un foro de encontro e reflexión do conxunto de intereses e aplicacións que os e as profesionais da psicoloxía teñen no campo da seguridade viaria, sobre os programas levados a cabo desde os centros de sensibilización viaria, programas de concienciación, de intervención psicolóxica, e así poder compartir e acadar novas liñas de investigación e actuación.

Ao abeiro das xornadas desenvolveuse a I Feira da Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade na que se expuxeron desde diferentes modelos de instrumentos empregados para a validación no ano 1986 ata as actuais probas psicométricas coas que hoxe contamos nos Centros de Recoñecemento a Condutores.

Nestas IV Xornadas achegámonos tamén a dous ámbitos tecnolóxicos como son o mundo dos drons e as pantallas e vehículos autónomos.



IV Xornadas de Tráfico e da Seguridade



I Feira de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade



Asistentes á reunión do Subgrupo de Intervención en Amaxofobia



Eva Muíño Gómez

Ligazón ao apartado do Grupo de Tráfico e da Seguridade da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

Grupos de traballo

O Subgrupo de Intervención en Amaxofobia celebrou unha xuntanza o pasado 18 de outubro no que se ultimou un protocolo de intervención neste trastorno así como un tríptico informativo e un póster, que foron presentados nas IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade. A finalidade será establecer unha rede de intervención á que poderán acceder aqueles compañeiros e compañeiras interesadas.

Programas: Psicovial e Xornadas de Concienciación

O 4 de setembro deu comezo en Santiago de Compostela un novo outro grupo de Psicovial e o 21 de setembro un novo grupo de Xornadas de Concienciación en Ferrol

Xornada «Alcohol e condución»

O día 15 de outubro celebrouse nas dependencias da DGT en Madrid unha xornada informativa sobre alcohol e accidentes de tráfico a que asistiu a coordinadora do Grupo, Eva Muíño Gómez, para recabar datos de primeira fonte. O alcohol preocupa porque sigue sendo o factor de maior risco non só en España, tamén en Europa.

Regulamento Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG a que formalicen o seu acceso. Só cómpre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), ao que se pode acceder a través do seguinte enlace
<https://copgalicia.gal/pdf/solicitud-e-compromiso-de-aceptacion-normativa-para-formar-parte-do-grupo-de-trafico-e-da>

División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

Animamos as colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose á mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no seguinte enlace da web do Consejo General de la Psicología: <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE DEPORTE

Lembramos que o prazo para presentar a solicitude da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte pola vía extraordinaria transitoria remata o 1 de decembro de 2019. A partir desta data poderase seguir solicitando a acreditación pero solo pola vía ordinaria.

Ademais dos requisitos xerais de grao ou licenciatura en Psicología e colexiación, pola vía extraordinaria transitoria é preciso ter un mínimo de 2 anos (ou 2 000 horas) de experiencia profesional e ao menos 200 horas de formación especializada.

Pódese acceder á información ampliada a través do seguinte enlace

<http://www.acreditaciones.cop.es/>



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Coñece o Código Deontolóxico, así como o marco legal no que se leva a cabo a túa práctica profesional.
- Actúa con responsabilidade. O descoñecemento da lei e das normas non te exime de responsabilidades

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as







Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XORNADA RECURSOS EFICACES NA PREVENCIÓN DAS ADICIÓNS SEN SUBSTANCIA DESDE A PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Datas: 4 de decembro de 2019

Lugar: Salón de actos do COPG

Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h
Venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** [www.linkedin.com/
company/copgalicia](http://www.linkedin.com/company/copgalicia)

 **Instagram:** [www.instagram.com/
copgalicia/](http://www.instagram.com/copgalicia/)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos

2019

POR UNHA ATENCIÓN PSICOLÓXICA ACCESIBLE

Nos hospitais

Nos xulgados

Nas escolas deportivas

Nas organizacións

Nos servizos sociais

Nos concellos

Nos centros de saúde

Nas empresas

Nos centros de ensino



ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



**NON É
TABÚ,
É A
VIDA**

FALAMOS?

Pon a túa saúde só en mans de profesionais.



Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia